

A educación ambiental en Galicia: controversias sobre o desenvolvemento do campo e o seu estado actual

Environmental education in Galicia: controversies on the development and current state of the field

María Barba Núñez, M. Carmen Morán de Castro e Pablo Á. Meira Cartea. Universidade de Santiago de Compostela (Galiza-España)

Resumo

Nun contexto socioeconómico e político como o actual, que demanda a transformación cara outros modelos de sociedade, a educación ambiental en Galicia, que podería ser unha ferramenta potente para o cambio, está a sufrir un preocupante retroceso respecto a conquistas alcanzadas en décadas anteriores (SGEA, 2011). Este artigo busca aportar un pouco de luz sobre esta realidade, presentando algunhas das principais conclusións da investigación “A educación ambiental en Galicia: análise sociobiográfica da súa construción como campo”, tese doutoral realizada no marco do Grupo de investigación SEPA da USC, con cargo ás axudas do Plan Galego 2011/2015 (Convocatoria 2011). No texto recóllense aqueles puntos interpretativos que contribúen á liña de reflexión proposta no III Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países e Comunidades de Lingua Portuguesa, arredor do paradoxo sobre unha perda de peso da educación ambiental nas políticas ambientais e educativas mentres que vai parella ao empeoramento das problemáticas que constitúen a crise ambiental. Tras os discursos oficiais deterministas, que argumentan e xustifican o desmantelamento do campo sobre a base das “necesarias” e “inevitables” políticas de austeridade, escóndense dinámicas e loitas de poder que veñen condicionando a súa traxectoria e que resulta interesante facer explícitas.

Astract

In a socioeconomic and political context as the current one, that demands the transformation towards other models of society, we find that the environmental education in Galicia, the one that could be one of the most powerful roads towards the change, is suffering a worrying setback regarding achievements reached in previous decades (SGEA, 2011). The following article seeks to show a bit of light about this reality, presenting some of the main conclusions of the study of the thesis “The environmental education in Galicia: sociobiographical analysis of it’s construction like field”, developed inside the Group of investigation SEPA of the USC, with charge to the aids of the Galician Plan 2011/2015 (Announcement 2011). It collects those interpretive points that contribute to the line of reflection proposed in the III International Congress of Environmental Education of the Countries and Communities of Portuguese Tongue, around the paradox about the lossing importance of the environmental education in the environmental and educational politics whereas the environmental crisis sharpens. After deterministic official speeches, that argue the dismantlement of the field about the base of the “necessary” politics of austerity, hide dynamic and fight power that are conditioning it’s path and that turns out interesting to clarify.

Palabras chave

Educación ambiental, historia de vida, políticas sociais, profesións ambientais

Key-words

Environmental education, life history, social politics, environmental professions

Xustificación

A situación da educación ambiental en Galicia é realmente alarmante. Esta afirmación ven avalada, polos datos extraídos da enquisa aplicada a 114 educadoras e educadores ambientais galegos, no marco da tese orixe deste traballo. Segundo os resultados obtidos, o campo pasou dun índice de desemprego do 5,7% no 2007, etapa previa á crise financeira, a un 30% a inicios do 2013. A isto acompañanlle outros datos que falan da precarización das condicións de traballo: salarios máis baixos, inestabilidade laboral, menor nivel de cualificación, insatisfacción co traballo, percepción de incoherencia cos fins da educación ambiental, etc. Esta situación fala dun proceso de proletarización do campo e dos profesionais que se sitúan nel, que rompe a dinámica de mellora de anos previos, nos que se tiña avanzado na súa consolidación como eido profesional autónomo.

Parecería comprensible que o sector profesional sufrira, como tantos outros, o embate de crise, pero a lectura dos datos permite apreciar que o impacto neste ámbito é superior ao verificable noutros sectores. Se en etapas previas a taxa de desemprego era inferior á media galega e española,

no primeiro trimestre de 2013 sitúase en parámetros moi superiores a ambos contextos, como se pode ver no gráfico 1.




Gráfico 1. Taxa de desemprego. Comparativa entre 2007 e 2013. Fonte INE, IGE, enquisa 2013

Indo máis aló, ao analizar a perda de emprego en función do perfil profesional no que as propias persoas se identifican¹, apréciase o maior impacto da crise sobre aqueles postos vinculados directamente á educación ambiental –caen practicamente nun 50%- en comparación a aquel outros máis tanxenciais (gráfico 2).

1 Educación ambiental: educador/a ambiental; monitor/a ambiental; coordinador/a de programas, proxectos e centros; guía intérprete medioambiental; comunicador/a ambiental. Campo educativo: mestre/a; profesor/a de secundaria, bacharelato, universidade, escola taller. Campo ambiental: técnico/a de medio ambiente; en xestión forestal e conservación da natureza; brigadista forestal; topógrafo/a de campo. Campo sociocultural: animador/a sociocultural; técnico/a en xuventude; en desenvolvemento territorial; en comunicación e participación pública; en cooperación ao desenvolvemento; guía turístico/a. Outros: consultor/a; investigador/a




Gráfico 2. Distribución segundo perfil profesional. Comparativa 2007 e 2013. Fonte: encuesta 2013

Os datos confirman o sentir expresado nas traxectorias de vida recollidas na investigación cando un educador ambiental denuncia que: “A educación ambiental non é prioritaria para o goberno. En momentos de crise o medio ambiente pasa a ser secundario, e se o medio ambiente pasa a ser secundario a educación ambiental non che digo, se o medio ambiente é secundario a educación ambiental é practicamente fume”.

A perda de actividade no sector está moi relacionada co drástico recorte de orzamento público. Os datos da SGEA (2010) visualizaban a brusca tendencia á baixa do investimento en educación ambiental por parte da Consellería de Medio Ambiente, pasando de máis de un millón e medio de orzamento no 2007 á súa práctica desaparición no 2012.

A falla de apoio público dáse nun momento no que o campo é especialmente ne-

cesario. No contexto histórico que vivimos visualízanse con total nitidez os abusos e límites do modelo socioeconómico dominante. Pero tamén asistimos á emerxencia dunha cidadanía disposta a implicarse nun cambio imprescindible. En consecuencia, nunca como agora foi tan urxente a capacitación das sociedades para a construción deste cambio nunha orientación medioambientalmente sustentable.

Sen embargo o feito de que a educación ambiental asista na actualidade ao seu desmantelamento, reflicte a escasa interese por parte das equipas de goberno por favorecer eses escenarios de reflexión dirixida ao cambio, antes ben, reflicte a vontade de manter a orde estrutural vixente e debilitar aqueles sectores que poidan cuestionala.

Para una lectura crítica da situación de desmantelamento que atravesamos o campo de educación ambiental en Galicia tomouse como referencia o modelo sociolóxico construtivista-estruturalista desenvolvido na obra do sociólogo francés Pierre BOURDIEU (1979). A análise da construción do espazo da educación ambiental dende as teorías de BOURDIEU permite realizar unha representación da súa traxectoria e a súa xénese como campo social e simbólico estruturado, identificando os tipos de capital eficientes ao longo dese proceso diacrónico, así como as loitas pasadas e actuais por manter ou cambiar esa estrutura. Esa aproximación crítica ao pasado e

ao presente de campo permite comprendelo na súa complexidade, fronte a representacións lineais e historicistas que ignoran os enfrontamentos que tiveron e teñen lugar na definición da súa identidade e do papel que lle corresponde socialmente.

Proceso de análise

A investigación susténtase nun enfoque socio-biográfico baseado en traxectorias de vida. Non se trata de afondar na comprensión da historia de vida dos suxeitos, senón de empregar o documento persoal na análise da educación ambiental en Galicia. Para isto, primouse na selección da mostra -compuesta por nove educadoras/es ambientais- a heteroxeneidade de perfís sociais e profesionais, atendendo a criterios como idade, xénero, formación e eido laboral.

O traballo con traxectorias de vida complementouse cunha aproximación cuantitativa a través dunha enquisa dirixidas ás educadoras e educadores ambientais galegos. A mesma permitiu definir a estrutura do campo (idade, xénero, procedencia, características da unidade familiar, formación, eido de exercicio laboral, perfil profesional, prácticas, etc.) e as condicións laborais do mesmo (tipo de contrato, salario, dedicación, nivel de cualificación, estabilidade, satisfacción, coherencia). Explorouse a comparativa entre 2007 e 2013, dando conta

do forte impacto da crise, tal e como se avanzou na fundamentación deste artigo.

A análise dos relatos versou sobre dous focos de análise:

1. Posición de orixe e condicións de socialización primaria das persoas, así como os itinerarios de acceso (formación, militancia) á educación ambiental. Analizar quen son as educadoras e educadores ambientais e que lles leva a implicarse na empresa colectiva do campo, permitiu delimitar a identidade da educación ambiental en Galicia e crenzas que a sustentan.
2. *Obxectivación* da estrutura interna do campo, entendéndoo como transcampo (MEIRA, 2009) que se define -como formación, profesión e movemento- na intersección do campo educativo, o ambiental e o sociocultural ou sociopolítico. Así mesmo, analizouse a súa composición en función de eidos profesionais (escolar, asociativo, empresarial e administración). Neste caso a atención á variable temporal foi clave, xa que o desenvolvemento dos diferentes sectores e condicións dos mesmos dan conta da evolución do campo no seu proceso de consolidación e profesionalización, pero tamén das dependencias respecto a espazos alleos.

Da *obxectivación* da súa posición no espazo social e estrutura interna, extráense

unha serie de interpretacións que permiten analizar criticamente a traxectoria da educación ambiental en Galicia en función do desenvolvemento acadado como campo, para desvelar ou coñecer os principais condicionantes que determinaron o seu estado actual de crise e desmantelamento.

Apóíase a proposta de SATO e dos SANTOS (2003), de traballar por formas de coñecemento *“direccionadas á comprensión e á transformación das condicións necesarias para a emancipación e o empoderamento das sociedades”* (p.10). Este obxectivo dificilmente é alcanzable sen que as persoas que compoñen a realidade estudada se impliquen no proceso de reflexión, o cal demanda de tempos e espazos de participación.

Con este obxecto, artellouse un grupo de discusión, composto por catro das educadoras/es ambientais que participantes co seu relato de vida, dirixido a contrastar as principais liñas interpretativas do estudo. Isto permitiu debullar os puntos de conflito no desenvolvemento do campo a través dun diálogo entre o ollar externo da persoa que investiga e a perspectiva interna das persoas que viven a realidade estudada, entre as interpretacións emanadas do proceso de investigación e o coñecemento adquirido dentro do campo, entre o saber científico e o saber crítico-experencial.

Das diferentes conclusións do estudo, recupéranse no seguinte aquelas que contribúen á liña de reflexión proposta no eixo temático *“Educação ambiental, identidade(s) do campo e políticas públicas”*. Trátase de comprender o paradoxo de que en tanto que os parámetros da crise socioambiental se agudizan, a educación ambiental tende a perder peso nas políticas públicas, a pesar do recoñecemento a nivel de declaracións formais. Para elo recóllese a valoración das educadoras e educadores ambientais sobre a relación das institucións do Estado coa educación ambiental en Galicia, así como a análise daqueles puntos de distinción do campo que o sitúan nunha posición de escasa relevancia social.

Non se pretende tanto a presentación de carencias a ser superadas, como desvelar as intereses ocultas detrás do aséptico discurso dun recorte necesario. Recoñécese que moitos dos factores que sitúan ao campo na posición de extrema vulnerabilidade que atravesará só poden salvarse a través de cambios de orde estrutural nas nosas sociedades, que sitúen nunha posición central ao coidado da vida, do medio ambiente e das persoas, fronte aos intereses do mercado. Isto implica cuestionarse o rol da educación ambiental en momentos de cambio como o actual e a necesidade de reavivar a súa dimensión política.

Escasa relevancia social do campo da EA en Galicia

Identifícanse dous elementos distintivos da educación ambiental en Galicia que poden estar condicionando a escasa relevancia recoñecida ao campo, tanto por parte das institucións do Estado coma dunha cidadanía que –en termos xerais– asistiu sen maior incomodo ao seu desmantelamento. Por unha banda, o feito de que o seu capital cultural específico non é recoñecido; por outra, pola súa orientación de poder e carácter contrahexemónico, que o sitúa nunha posición molesta para os grupos acomodados, de aí a interese por controlalo e debilitalo na súa dimensión transformadora.

Falta de recoñecemento social do seu capital específico

As persoas que participaron do estudo non identifican nas vías formativas institucionalizadas a fonte principal da adquisición do capital cultural específico do campo. Indican explicitamente nos seus relatos que foi a través das actividades educativas de colectivos ou a través da propia militancia que accederon aos saberes da educación ambiental. Estes espazos de adquisición son un elemento clave no desenvolvemento da EA en Galicia, xa que se presentan non só como espazos de formación senón tamén de construción da súa identidade.

Este tipo de formación, de carácter auto-

didacta e dialóxica, ao igual que a recibida a través da experiencia práctica, non está valorada socialmente e escasamente contribúe a recoñecer sociolaboralmente ao campo.

Pero a cuestión do recoñecemento dos saberes da educación ambiental vai máis aló do seu grado de institucionalización. Introducía un participante no grupo de discusión o feito de que poden ser outros os factores que están a mediar na importancia concedida ao capital específico do campo, máis aló da vía de acceso ao mesmo: *“Os saberes propios da educación ambiental non son recoñecidos socialmente, penso eu, non sei se é relevante que sexan ou non sexan adquiridos no ámbito académico, pero todo ese corpus que forma parte nosa eu creo que non ten un recoñecemento social, pode ter un recoñecemento de... “pois si, iso é importante”, pero un recoñecemento real, despois que se traduza en.... non sei se me estou explicando”*.

O campo da EA non se axusta ao pensamento hexemónico, todo ao contrario, a súa identidade susténtase no cuestionamento das lecturas impostas do mundo e na valoración daqueles saberes e formas de construción de coñecemento silenciadas por resultar inconvenientes para os grupos de poder.

A educación ambiental é ademais moito máis que a construción dialóxica e plu-

ral dun proxecto educativo ambiental, un corpo de coñecementos cuestionadores a transmitir na promoción da alternativa. A consolidación do seu capital específico non debe facerse dende a aceptación de que o cambio xa está ideado e so resta aplicalo. Sendo que a educación ambiental nace nos espazos de transformación social, nos movementos sociais, colectivos da sociedade civil e movementos de renovación pedagóxica, non pode conformarse con ser a vertente proselitista das accións dirixidas a transformar as nosas relacións co medio. Debe manter a súa natureza como espazo contrahexemónico de diálogo e conflito, de (re)construción continua das lecturas do mundo e de alternativas, participando activamente nos espazos de transformación social.

Campo contrahexemónico

Coincidindo coa observación feita por CARVALHO, ROSELAINE e VILLELA (2011) respecto ao contexto brasileiro, a educación ambiental en Galicia ten as súas orixes e referencias *“no ideario libertario e na resistencia ao proxecto civilizatorio hexemónico”* (p.39). Ese posicionamento é, segundo unha participante no grupo de discusión, o devir lóxico nun proceso de consciencia crítica: *“Eu entendo a educación ambiental como algo moi complexo e moi antisistema, non entendo unha educación ambiental que non sexa antisistema, non a entendo, porque forzosamente se ti realmente es reflexivo e crítico e cientí-*

fico chegas ao antisistema por ti solo, ou non? [...] acabas chegando aí por sentido común, porque acabas vendo cal é o culpable de que isto estea así. E con quen te acabas enfrontando sempre? Co sistema, cos que mandan, cos que dirixen”.

Esta dimensión política do campo incrementa a interese de certos grupos sociais por fragmentala, pero tamén por “dominala”, “controlala” ou “axustala” a modelos menos molestos, como poden ser as concepcións conservacionistas, naturalistas ou asociadas ao desenvolvemento sostible na súa concepción débil².

A incidencia de lóxicas e intereses alleos no desenvolvemento da educación ambiental produce incomodo entre as e os profesionais do campo, conscientes da situación pero obrigadas a aceptar estas dinámicas para poder subsistir profesionalmente. Así mesmo, figura como elemento de diferenciación dentro do propio campo, distinguindo entre quen ven traballando no respecto aos fundamentos da educación ambiental, e aquelas outras que aproveitan as liñas de orzamento para exercer intrusismo profesional, moitas veces incluso operando con competencia desleal que deterioran as condicións laborais do campo. En palabras

2 Diferencian CARIDE e MEIRA (2001) entre dous posicionamentos na educación para o desenvolvemento sustentable. Unha concepción débil, que procura introducir cambio nos hábitos de vida pero sen cuestionar o modelo socioeconómico existente; e una forte que defende a necesidade dun cambio estrutural.

dun participante: *“En parte somos vítimas diso, da que a possibilidade que tes para desenvolver proxectos de educación ambiental vén condicionada por quen financia eses programas. En parte somos vítimas desa situación, e intentamos saír, porque.. porque tamén ai moitas fendas por onde podes saír, e en parte tamén cómplices”*

Este punto de tensión entre manter formas de acción críticas e participativas ou “asegurar” a permanencia do campo e os postos de traballo a el asociados, pode ter distanciando á educación ambiental dos seus fundamentos.

O paulatino recoñecemento por parte do Estado, acontecido dende a década dos 90 (PARDELLAS e MEIRA, 2012), supuxo un claro avance no seu proceso de consolidación, institucionalización e profesionalización, pero tamén puido supor a perda de grandes cotas de autonomía, polo feito de consolidar dependencias baseadas no financiamento respecto a gobernos que operan segundo intereses contrarios: *“Esa dependencia na interdependencia non é despoxada de ambigüidades, unha vez que o Estado, que asegura as condicións mínimas da autonomía tamén pode impor limitacións xeradoras de heteronomía e facer de expresión ou de transmisor das presións das forzas económicas das cales supostamente el libera”* (BOURDIEU, 2003, p.55)

Que as decisións sobre o campo estean

fundamentalmente en mans dunha institución allea, e moitas veces afastada nas súas finalidades, limita a súa autonomía e consolidación. O feito de que as institucións do Estado entren dentro desta categorización, como entidades afastadas da protección da contorna e das persoas, é o grave desta realidade.

O Estado, un falso amigo?

Nos relatos das persoas da mostra atopámonos con descrições de sucesos concretos na traxectoria do campo nos que mediaron decisións políticas do goberno que estaba no poder. Tristemente, as mesmas non se apoiaron nas finalidades propias do campo, senón que mediaron interese partidistas ou, incluso, especulativos. Dous dos profesionais da mostra denunciaban a mala xestión dos recursos económicos públicos, contribuíndo ao desmantelamento do campo: *“Que che digan logo que a crise que non sei que, e ves que se están gastando nestes momentos en plena crise en aberracións dez millóns de euros [...]. Só co que levan gastado no mamotreto de Ourense, só con iso financiaban vinte anos toda a rede de equipamentos de educación ambiental da Xunta [...]. Faise polo ladrillazo, eu penso que é ladrillazo”*

“É absurdo, é un mini-Gaiás estúpido que simplemente cos gastos que están invertidos nese esqueleto que non saben que

facer con el pois tería funcionado durante moitos anos a educación ambiental profesionalmente en Galicia, vivido un montón de traballadores que tiveron que cambiar de sector ou están directamente no paro”

Isto supón un panorama desolador, na medida en que as institucións que deberían actuar como garante do benestar da cidadanía están a obrar como defensoras dos grupos sociais que dominan o capital, conquistando os intereses privados a xestión do público (ARENDR, 2005). Están moi ben engraxadas as portas xiratorias que conectan o mundo dos partidos políticos coas grandes empresas, bancos e corporacións, levando a que operen baixo intereses comúns. Isto dificulta o traballo de colaboración entre as persoas que se implican no campo da educación ambiental e as que o fan no mundo da política, tal e como se argumenta nun relato: *“Penso que o traballo da militancia ecoloxista ten sentido se se fai desde fóra das institucións, como ferramenta de presión, porque é moi moi difícil, dentro do aparato dos partidos, resistir a moitas das contradicións que te atopas cando chegas ao poder, e iso o están pagando moitos colectivos arrimados a algunha formación política”*.

Xorde aquí un punto crítico no desenvolvemento dun campo cunha orientación politicamente situada, como é o da educación ambiental. Os seus e as súas profesionais atópanse na disxuntiva entre identificar partidos políticos afíns e colaboradores na de-

fensa de intereses comúns, ou entender que existen unhas calidades asociadas á posición de poder que imprimen carácter e impiden a real implicación no proceso de transformación estrutural das nosas sociedades.

Isto ten operado como mecanismo de escisión de varios colectivos que atoparon no seu seo ambas posicións difíciles de conxugar. Pero, é en todos os casos así? Son xustas as xeneralizacións que lexitiman o trillado discurso de “todos os políticos son iguais”? Na resposta a este interrogante resulta interesante retomar as palabras dun educador ambiental: *“Detesto ese mensaxe de son todos iguais, me parece que aparte de que é mentira é que me parece detestable, pero en algunhas cousas si son todos iguais. Excepcionais esas cousas, pero nalgunhas cousas excepcionais si son todos iguais ¡cojones! Eu estou esperando o primeiro partido que diga ‘iso é unha aberración e hai que parala xa”*.

Ao interrogar ás educadoras e educadores ambientais sobre posibles alianzas dentro das institucións políticas, coinciden en subliñar a importancia das persoas sensibilizadas e consecuentes, máis alá dos partidos, siglas ou estamentos administrativos nos que se atopen. Polo tanto o criterio de distinción non estará tanto na orientación política (“cando se desfixo a Coordinadora Ecoloxista dos que fixeron festa estaban os de esquerdas e os nacionalistas tamén”), como na interese persoal das e dos

seus integrantes; no feito de atopar unha persoa aliada no seo do partido que decida apostar por esta liña de traballo: “Hai exemplos de todo tipo. Hai exemplos de canibalismo dentro do propio partido, da mesma corda política, é dicir, xente dun partido... o breve episodio CITA do PP é un exemplo bastante claro do que quero dicir, e logo ven outro do mesmo partido e é xente que o liquidou, non?”.

Isto dota de gran inestabilidade ao campo, que condiciona o seu desenvolvemento á interese puntual dalgunha persoa e, á súa vez, revela a escasa consolidación como sector clave no desenvolvemento dun Estado do Benestar. Posiblemente a acción no seo dos partidos políticos teña topado sempre co teito da transformación estrutural, da aposta por un verdadeiro cambio que incida nas causas reais da crise socioambiental. Isto implica entrar en conflito cos grupos de poder e, á súa vez, inserirse no espazo de inseguridade de idear unha organización social, política e económica radicalmente diferente, sen que obstaculicen o seu desenvolvemento.

Esta esixencia era recollida polos colectivos ecoloxistas que participaron na elaboración das propostas para o desenvolvemento de actuacións políticas sustentables a nivel local orientadas ás eleccións municipais do 2015³: “A problemática

3 ADEGA, Amigos da Terra, APDR (Asociación pola Defensa da Ría de Ponteve-

ambiental é sistémica [...]. Promover a sustentabilidade ecolóxica é moito máis que crear zonas verdes, construír depuradoras ou tratar o lixo. Sen unha firme vontade política de reformular o modelo socioeconómico, calquera política ambiental quedará baleira de contido, sexa cal for o programa que a vertebre” (ADEGA, AMIGOS DA TERRA, APDR, CEMMA, FEG e VERDEGAIA, 2015)

Aínda así, a pesar da falta de entendemento entre as administracións e as e os profesionais do campo, a pesar do desencontro entre o mundo da EA e o mundo dos partidos políticos, e de que “quizás a tónica predominante é que é un tema menor”, o certo é que o proceso de certa consolidación do campo veu favorecido por un momento sociohistórico no que contou co apoio das institucións do Estado.

A partir da crise financeira a situación é radicalmente diferente. O panorama é desolador, tal e como presenta un educador ambiental: “Moitos [dos socios/as da Sociedade Galega de Educación Ambiental] están en paro, porque o seu traballo en educación ambiental non é considerado, nin é pagado, nin é valorado. A atención que

dra), CEMMA, Federación Ecoloxista Galega (FEG) e Verdegalaia elaboraron para as eleccións municipais do 2015 un documento que baixo o título “Programa pola Terra. Por uns concellos sustentábeis” recolleron as propostas do ecologismo galego para que os diferentes partidos e coalicións políticas as integrasen na súa acción tanto de goberno como de oposición nos concellos de Galicia.

había en moitos centros de interpretación que se fixeron por aquela en Galicia está totalmente abandonada, están cerrados. [...] Iso a que leva? Iso leva a que pequenas empresas como Ventos, como SEAS en Ferrol, como moitos colectivos que habían xurdido e que estaban formados por tres ou catro profesionais, están a punto de cerrar ou nunha situación moi precaria”.

Isto explica o posible engano no que puido caer o campo na súa relación coa administración. Os avances acadados na década de esplendor trasladaron a impresión de que a educación ambiental en Galicia estaba a conquistar relevancia e recoñecemento social. Presentábase un panorama de creación de emprego, impulso de iniciativas apoiadas pola administración, profesionalización e institucionalización, creación de formación específica, etc. Creouse a ilusión de que o campo estaba a acadar o ansiado recoñecemento social, a pesar das dificultades que aínda tiñan que afrontar na súa cotianidade. Pero esa variación estrutural e as frustracións vividas poden formar parte do proceso mesmo da “reproducción por translación” (BOURDIEU, 1979), que asegura a perpetuación da estrutura mediante a transformación da natureza das condicións asociadas ás diferentes posicións, ou como recolleemos nos relatos “cambiamos algo para que nada cambie”.

Estes colectivos de poder, ao ter a capacidade para controlar o desenvolvemento

do campo, permitirán facer pero ata o punto en que non resulten molestos. Ou, indo máis aló, permitirán facer xustamente para garantir que non resulten molestos. Por exemplo, apoiou o goberno galego (2000) a elaboración dunha Estratexia Galega de Educación Ambiental, a pioneira no estado español, pero as súas orientacións non foron tidas en conta, xa que moitas das políticas que desenvolven os partidos “*non as soportaba unha estratexia de educación ambiental, non as soportaría nin de coña*”. Esta é unha dinámica compartida noutros contextos. Sábese da gran tradición de firma de pactos, estratexias, compromisos, sen ningún carácter vinculante, ao igual que pasa a nivel internacional coas cuestións do medio ambiente e do clima, outra cara máis da manobra de aparentar un falso recoñecemento. Así ten acontecido con pactos anteriores, tal e como denuncia un dos participantes: “*Pero o de facer estratexias e non cumprilas non ten para eles maior problema. Iso era moi gracioso, porque cando había dende o Ministerio unha especie de seminario interautonómico -que tamén o finiquitaron para facer un seguimento da evolución das estratexias de educación ambiental das distintas comunidades[...] creo que unha vez o dixeron, ¿como carallo eran capaces de avaliar algo que non se estaba desenvolvendo? Era moi gracioso*”.

Para quen ocupa posicións de poder e impón os criterios de estruturación social (Estado, Mercado...), crear esta ilusión

de mellora opera como mecanismo de perpetuación da estrutura, na medida en que motiva a competencia entre posicións afíns, conducindo a unha simple transferencia deses “recoñecementos” sen que se cuestionen os criterios de estruturación. Esta dinámica é empregada polos diferentes partidos políticos que se teñen sucedido nos nosos gobernos.

Así, aténdese á cuestión de xénero, sen que perigue o sistema patriarcal; á poboación inmigrante, sen que se incida nas causas polas que unha persoa é obrigada a abandonar o seu país; ás mulleres prostituídas, sen incidir no negocio da trata ou nos patróns culturais que a sosteñen; ás persoas desempregadas, sen introducir reformas estruturais no modelo de mercado; ás necesidades da cidadanía, sen procurar o seu empoderamento; á pobreza mundial poñendo a venda –cando non o coitelo- da cooperación internacional sobre as queimaduras de primeiro grado xeradas por un sistema de explotación, guerras e libre comercio cuxa complexidade apenas é intuída pola cidadanía. E, no caso que nos compete, aténdese á crise ambiental sen cuestionar en ningún momento o modelo socioeconómico que a orixina e que moldea o noso modelo cultural, alentando loitas internas entre colectivos que comparten unha mesma inque- danza de cambio social.

Inscribir o cambio estrutural nunha soa vertente do sistema de dominación -cul-

tura, economía, xénero, etc.- supón abor- dalo de forma parcial e escasamente transformadora. O establecemento destas fragmentacións preséntase para o sistema neoliberal como unha ferramenta clave de dominación. O campo da educación ambiental atópase ante o reto de, aproveitan- do o momento de espertar político e social da cidadanía, reavivar a súa dimensión po- lítica e artellarse con outros colectivos, si- tuados abaixo e á esquerda, na construci- ón dese suxeito colectivo empoderado na transformación social. Suxeito colectivo que se define, segundo RAUBER (2002), moito máis alá da suma das reivindicaci- óns sectoriais de actores diversos, xa que supón ampliar os contidos de tales loitas, incidindo nos fundamentos do sistema de dominación do capital e formulando con- xuntamente un proxecto alternativo.

Entón, que nos queda?

Dentro deste cuestionamento, a pesar de dinámicas perversas descritas na relación coa Administración, pensar no divorcio en- tre a educación ambiental e o Estado po- siblemente sexa unha actitude realmente perigosa e derrotista. Supón aceptar que o Estado está dominado polos intereses do capital, aceptando a renuncia ao seu compromiso por procurar o ben común da sociedade e das diferentes persoas e colectivos que o integran. A cuestión am- biental é un piar básico do benestar e dos

dereitos das persoas, así como do resto dos seres vivos cos que compartimos o Planeta e, polo tanto, é competencia pública garantir unha educación das persoas comprometida co reto de mellorar as nosas relacións co medio. A transformación social á que debe contribuír o campo da educación ambiental implica un cambio estrutural que incide, entre outros factores, no propio rol do Estado, da forma de facer política e do papel da cidadanía.

Por iso o campo non pode quedar á espera de recuperar as condicións anteriores, nas que se falaba de educación ambiental, proliferaba o financiamento e se creaba emprego. A “recuperación” non é unha opción válida cando o recoñecemento acadado era un engano, cando o campo nunca chegou a gozar dunha real capacidade de incidencia social. *“O das Administracións pois claro, por unha parte claro, se supón que nos representan, que nos están representando, e que son os cartos públicos e creo que debe de haber unha demanda nese aspecto de dicir este é un valor tamén para parte da sociedade, e moi relevante [...]. Pero por outra banda creo que non podes estancarte nesa petición de que a administración non axuda. Creo que bueno, que se estamos seguros temos que poñelo en valor e tirar para adiante.”*

Recóllese a necesidade apuntada por CARVALHO (2002) dun *“xiro cultural, en dirección dos novos estilos e formas de pensar a acción política”* (p.37), escapan-

do dos tradicionais modelos representativos, que en nada nos representan. Supón desenvolver esa acción política como estilo de vida, construír novas formas de democracia que devolvan o poder ao conxunto da sociedade e na que primen as intereses socioambientais fronte ás de orde especulativa.

A atención á historia ten a potencialidade de promover a mellora a partir dunha lectura crítica da mesma. Un dos principais fitos na historia recente de España, no que ao cambio nas formas de facer política se refire, é o paso da ditadura franquista á democracia representativa. A transición cara o novo réxime fíxose, segundo defende RODRÍGUEZ LÓPEZ (2015), apoiada na demanda de novos dereitos e liberdades, pero garantindo que non se cuestionasen o proxecto de “modernización” –unha versión do desarrollismo franquista depurada do conservadurismo social daquela etapa-, nin as estruturas de poder vixentes, o modelo capitalista familiar ou as formas xurídicas de propiedade da economía de mercado.

O teito da reforma, indica o autor, está no feito de que a elite política que levou as rendas da transición pertencían a sectores de poboación que se fixeran cunha posición acomodada gracias ás condicións derivadas dese novo concepto de “progreso” xerado no tardofranquismo. En tanto que fillos dunha determinada clase, operaron segundo as lóxicas intereses de

clase, que na “*defensa dos seus privilexios, recentemente adquiridos, manifesta no ‘medo a ir máis aló’, obrigouna a reafirmarse no consenso, polo menos cando se consolidou o novo aparato institucional*” (p.354). Isto supuxo o abandono das loitas obreiras e veciñais que procuraban unha verdadeira transformación estrutural e das formas de facer política: asemblearias, autoxestionadas, baseadas no municipalismo democrático, apoiadas no principio de subsidiariedade e de autogoberno. Foi a oportunidade perdida para facer valer as expectativas creadas uns anos antes e recoller os discursos transformadores de certos colectivos que finalmente quedaron á marxe da acción política. Este distanciamento da poboación respecto a acción política agrávase na recuperación económica dos anos 80, etapa caracterizada pola autocomplacencia apoiada no sentir de prosperidade que permitiu avanzar cara unha sociedade de consumo máis dual, bañada de símbolos de opulencia e poder adquisitivo, dunha clase media que se diferenciaba polo seu consumo. Perdida a loita política foi sinxelo perder a loita cultural.

Agora os tempos recordan, salvando as notables distancias, a esa etapa de transición democrática, de cuestionamento do modelo vixente por parte de unha cidadanía que se artella para impulsar o cambio. Así, a descrición do contexto de mediados dos anos 70 por parte dun educador ambiental moi ben podería ser un retrato do tempo histórico actual, coa re-

centemente aprobada “lei mordaza” aínda máis: “[*Tempos de*] unha mobilización moi forte, canalizada por partidos políticos de esquerdas e sobre todo nacionalistas, clandestinos, pero digamos que as plataformas que canalizaban esa oposición eran plataformas sociais, ben asociacións culturais, que eran moi dinámicas en Galicia naquel momento, porque practicamente en cada vila había unha asociación cultural que organizaba actividades e que canalizaba sentimentos críticos” .

Nas fins do réxime franquista e etapa de transición a xente mobilizábase na conquista de liberdades, posibilidades de participación e democracia, inscritos na saída da opresión dunha ditadura política. No momento actual a cidadanía recupera esas reivindicacións, a esixencia de liberdades e posibilidades de participación na transformación do que “chaman democracia e non o é”, a partir da toma de conciencia da opresión dun modelo baseado na ditadura de mercado.

Pero o certo é que unha aproximación superficial ao discurso destes colectivos permite apreciar que os principios ecoloxistas non se atopan entre as súas reivindicacións, tal e como recollen as palabras dun dos educadores ambientais en relación ao movemento 15M: “*Dende logo o discurso ecoloxista –e xa non digamos o da educación ambiental- non estaba presente, non? É dicir, que pasou para que, primeiro, estiveran presentes outro tipo de cousas no*

discurso que se estaba movendo, e non estivera o ambiental e, segundo, que pasaba que non había educadores ambientais que estiveran participando aí ou que se achegaran a eses escenarios nos que intervir e facer unha labor tamén en clave educativa, que era o que estaba pasando”

Ao dialogar no grupo de discusión sobre este aspecto, as educadoras e educadores ambientais identificaban no campo un distanciamento respecto a esas formas organizativas menos estruturadas, ás que naceu vinculada a educación ambiental en Galicia nas súas orixes pero das que se foi distanciando no proceso de institucionalización. Así mesmo, tamén aprecian a dificultade para identificar novos espazos sociais, xa que recoñecen nesta etapa a xénese de diversas iniciativas da cidadanía (cooperativas de consumo, banca ética, agricultura ecolóxica, mercado social, etc.) que sen identificarse cos sectores tradicionais do campo (ecoloxismo, ambientalismo, escola), conflúen nos seus fundamentos e poden presentarse como espazos nos que facer valer o discurso máis transformador da educación ambiental.

Concluindo

O III Congreso Lusófono parte da descrición do momento actual como un tempo de travesías e de encontros para a procura do ben común. Os datos do estudo de tese

“A educación ambiental en Galicia: análise sociobiográfica da súa construción como campo”, contribúen á comprensión da situación de crise que atravesamos o campo, coincidindo coa lectura exposta nas bases do Congreso de entender esta como unha expresión máis do esborrallamento do xa precario sistema de benestar e dun modelo que vincula democracia-libre mercado.

Sen dúbida este debe ser un momento de reflexión no que encadrar o ambiental nos desafíos do tempo histórico actual, cuestionando o rol que lle compete á educación ambiental: *“Pero eu creo que vai ser positivo porque nos temos que volver a reinventar e volver a non atender o que nos demandaban outros senón a ser realmente eficaces, ou sexa a propoñer cousas que realmente son, desde o punto de vista social e ambiental, imprescindibles e urxentes. Entón, por unha banda é terrible porque claro, chegamos a vivir disto, ou sexa había profesionais que vivían disto, pero os que financiaban iso xa non están. Sen embargo as necesidades seguen estando aí, e entón eu creo que vai a haber así como unha cuarta etapa de reinventarse, e dalgunha forma está xurdindo e eu creo que moi vinculada aos movementos sociais outra vez, como nos inicios”*.

A actual convulsión social e política da cidadanía, o nacemento e fortalecemento dos movementos sociais que vive a sociedade galega –tamén a portuguesa– ante a realidade de crise, reflicte o cuestiona-

mento da dinámica de progreso social imposta, ante as promesas incumpridas. Entendida esta situación como oportunidade –dentro das dificultades para facelo–, preséntase como a ocasión para desprenderse dun modelo individualista, centrado na vida privada, desintegrador do artellamento social e da participación na vida pública (HOBSBAWN, 1995) e destrutor do medio ambiente. Non podemos conformarnos con “recuperarnos da crise”, con reestabilizar as condicións anteriores; a educación ambiental debe afrontar o reto de participar, artellada cos diversos colectivos cos que comparte os fundamentos do cambio, no impulso de novas formas de facer política e de organización social. Só así, a través dun verdadeiro cambio de orde estrutural, a EA acadará unha maior capacidade de incidencia social, facendo valer a súa aspiración de promover sociedades social y ambientalmente sustentables.

Referencias bibliográficas

- BOURDIEU, Pierre (1979). *La distinción. Criterios y bases sociales del gusto*. Madrid: Tearus.
- BOURDIEU, Pierre (2003). *Os usos sociais da ciencia. Por uma sociologia clínica do campo científico*. Sao Paulo: Fundação Editora da UNESP.
- CARVALHO, Isabel Cristina M. (2002). El sujeto ecológico y la acción ambiental en la esfera pública: una política en transición y las transiciones en la política, *Tópicos en Educación Ambiental*, 4, 10, 37-49
- CARVALHO, Isabel Cristina M.; ROSELAINE, Carmen e VILLELA, Marcos (2011), A missão “ecocivilizatória” e as novas moralidades ecológicas: a educação ambiental entre a norma e a antinormatividade, *Ambiente & Sociedade*, 14, 2, 35-49
- HOBSBAWN, Eric (1995). *A era dos extremos: o breve século XX: 1914-1991*. São Paulo: Companhia das Letras
- MEIRA, Pablo (2009). Outra lectura da historia da Educación Ambiental e algún apuntamento sobre a crise do presente, *AmbientalMente Sustentable*, ano IV, nº8, pp.16-43.
- PARDELLAS, Miguel e MEIRA, Pablo (2012). Educación ambiental en Galicia: crisis, ¿qué crisis?, *Boletín Carpeta Informativa del CENAM* [http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/articulos-de-opinion/2012-02-pardellas-meira_tcm7-253463.pdf]
- RAUBER, Isabel (2002). *Movimientos sociales y representación política*. Buenos Aires: CTA
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Emmanuel (2015). Por qué fracasó la democracia en España. La transición y el Régimen del 78. Madrid: Traficantes de Sueños
- SATO, Michèle e DOS SANTOS, José Eduardo (2003). Tendências nas pesquisas em educação ambiental, NOAL, F.; BARCELOS, V. (Orgs.) *Educação ambiental e cidadania: cenários brasileiros*. Santa Cruz do Sul: EDUNISC, p. 253-283.